



### CONCELLOS

#### CHANTADA

##### *Anuncio*

Por Decreto de Alcaldía de data 30/03/2020 apróbase o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento do Prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente a febreiro 2020.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra os Padróns recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte o da publicación da aprobación dos citados Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A cobranza, en período voluntario do Padrón do Prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente a febreiro do 2020 terá lugar neste municipio dende o día 31 de marzo de 2020 ata o día 31 de xullo de 2020, 4 meses de prazo por mor do estado de alarma.

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen ser satisfeita a débeda, e de conformidade co disposto no artigo 161 da Lei 58/2003 do 17 de xaneiro, Xeral Tributaria, determinará o inicio do período executivo, coa esixencia dos xuros de mora e das recargas do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei xa citada e, no seu caso, das costas do procedemento executivo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada, 30 de marzo de 2020.-O ALCALDE, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 0695

### A PASTORIZA

##### *Anuncio*

Faise público para xeral coñecemento, a Resolución da Alcaldía - Presidencia do Concello da Pastoriza nº 46/2020, de data 24 de marzo de 2020, do seguinte tenor literal:

**“DON PRIMITIVO IGLESIAS SIERRA, Alcalde - Presidente do Concello da Pastoriza (Lugo),**

Resultando que por Decreto de data 02 de xullo de 2019 da Alcaldía delegouse, en aplicación do disposto no artigo 21 e 23 da Lei 7/1985, do 2 de Abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e os artigos 43 a 45, 52, 53 e 114 a 118 do Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro, que aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (en diante ROF), o exercicio das competencias da Alcaldía que no citado Decreto enuméranse.

Resultando que por Real Decreto 463/2020, de data 14 de marzo, o Goberno da Nación declarou o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

Resultando que por Decreto nº 45/2020, do 16 de marzo, da Alcaldía, ditáronse normas para a adaptación ao municipio das medidas de toda índole que o goberno central e autonómico puxeron en marcha con motivo da emerxencia sanitaria.

Resultando que ditas normas teñen unha dobre vertente: externa, dirixida aos cidadáns e interna, dirixida á organización dos servizos municipais.

Considerando a figura xurídica da avocación, prevista con carácter xeral no artigo 10 da Lei 40/2017, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (en diante LRJSP) e para o caso que nos ocupa no artigo 116 ROF.

Considerando os principios xerais de eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados, economía, suficiencia e adecuación estrita dos medios aos fins institucionais e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos, previstos no artigo 3.1 letras h), i) e j) LRJSP e en atención ao risco que supón a circulación e concentración humana en espazos reducidos que non sexan estritamente imprescindibles.

En virtude das normas citadas e do artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, esta Alcaldía **RESOLVE**,

**PRIMEIRO.**- Avocar as seguintes competencias delegadas na Xunta de Goberno Local, sen prexuízo do mantemento da atribución propia de asistencia permanente (que mantense por medios electrónicos) ao Alcalde:

— As contidas no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das bases do réxime local nos apartados f) – salvo a concertación de operacións de crédito, a ordenación de pagos e rendición de contas -, g), o), e q) – salvo as licencias para a celebración de festexos populares – e o apartado s) as que a lexislación do Estado ou das Comunidades Autónomas asignen ao Municipio e non atribúan a outros órganos municipais.

— As contidas na disposición adicional 3ª da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 201/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: as competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, subministros, servizos, xestión de servizos públicos, contratos administrativos especiais, e os contratos privados cando o seu importe non supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de toas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referida aos recursos ordinarios do presuposto do primeiro exercicio, nin a contía sinalada; e adxudicación de concesións sobre os bens das mesmas e a adquisición de bens inmobles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o seu valor non supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento nin o importe dos tres millóns de euros, así como o alleamento do patrimonio, cando o seu valor non supere a porcentaxe nin contía indicados.

— As referidas competencias delegadas exerceranse co valor e alcance que se dispón no artigo 43.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 28 de decembro de 1986.

— As demais que expresamente lle atribúan as leis á Xunta de Goberno.

**SEGUNDO.**- O presente Decreto producirá efectos desde o momento da súa firma, sen prexuízo da súa preceptiva publicación no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co disposto no artigo 44.2 ROF.

**TERCEIRO.**- Do presente Decreto darase conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que celebre.

Dado que o funcionamento ordinario do Pleno atópase suspendido pola declaración do estado de alarma, que se proceda a notificar a presente resolución aos portavoces dos grupos políticos, para o seu coñecemento e efectos.

**CUARTO.**- Este Decreto manterá a súa vixencia durante o mantemento do estado de alarma, quedando derogado desde o día que finalice aquel.

**QUINTO.**- Notifíquese o Decreto aos membros da Xunta de Goberno Local e dese difusión aos empregados públicos”.

A Pastoriza, 31 de marzo de 2020O ALCALDE, PRIMITIVO IGLESIAS SIERRA.

R. 0696

### *Anuncio*

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Nº 50/2020 POLA QUE SE DA CONTINUIDADE AO PERIODO DE EXPOSICIÓN AO PÚBLICO DO ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO DE 2020 LOGO DA PUBLICACIÓN DO RD 465/2020, DE 17 DE MARZO, POLO QUE SE MODIFICA O RD 463/2020, DE 14 DE MARZO, POLO QUE SE DECLARA O ESTADO DE ALARMA PARA A XESTIÓN DA SITUACIÓN DE CRISIS SANITARIA OCACIONADA POLO COVID-19.

#### **RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA**

**DON PRIMITIVO IGLESIAS SIERRA**, Alcalde-Presidente do Concello da Pastoriza (Lugo), no uso das facultades que me son conferidas pola lexislación de réxime local,

Visto o expediente número 6/2020, sobre aprobación do Orzamento Xeral do Concello da Pastoriza para o ano 2020.

En atención a que o expediente seguiu a tramitación establecida nos artigos 168 e seguintes, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Visto que en sesión extraordinaria do Pleno deste Concello, de data 13 de febreiro de 2020, foi aprobado, o Orzamento Xeral, as súas Bases de Execución, e o plantel de persoal funcionario e laboral para o exercicio económico 2020, con arranxo ao previsto no artigo 169 do Texto Refundido da lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e o artigo 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

Visto que con data 26 de febreiro de 2020, foi publicada no Boletín Oficial da Provincia nº 46, a súa aprobación inicial, finalizando o prazo de exposición ao público o día 18 de marzo de 2020.

Resultando que por Real Decreto 463/2020, de data 14 de marzo, o Goberno da Nación declarou o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, catro días antes da finalización do período de exposición pública do orzamento xeral.

Visto que na D.A. 3ª do RD 463/2020: "*4. Sen prexuízo do disposto nos apartados anteriores, desde a entrada en vigor do presente real decreto, as entidades do sector público poderán acordar motivadamente a continuación daqueles procedementos administrativos que veñan referidos a situacións estreitamente vinculadas aos feitos xustificativos do estado de alarma, ou que sexan indispensables para a protección do interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizos*".

Considerando que a D.A. 3ª do RD 463/2020, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, refírese ao da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e os prazos que se suspenden o son para tramitación dos procedementos administrativos, que se atopan naquel ámbito. O procedemento de elaboración e aprobación dos orzamentos non é un procedemento administrativo común, senón cun procedemento específico que regula o TRLRFL.

Considerando os principios xerais de eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados, economía, suficiencia e adecuación estrita dos medios aos fins institucionais e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos, previstos no artigo 3.1 letras h), i) e j) LRXSP e en atención a que a aprobación do orzamento xeral é indispensable para o funcionamento básico dos servizos, esta Alcaldía, órgano competente para a aprobación definitiva do Orzamento Municipal no caso de non existencia de reclamacións contra o mesmo e facendo uso da competencia atribuída polo artigo 21.1.m) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, para adoptar personalmente e baixo a súa responsabilidade en caso de catástrofe ou de infortunios públicos as medidas necesarias e adecuadas dando conta ao Pleno, **RESOLVO**

**PRIMEIRO.**- A continuación da exposición pública do Orzamento Municipal para o exercicio de 2020, cuxo período inicio o 2 de marzo de 2020, durante 4 días máis, rematando ao cuarto día hábil seguinte ao da publicación da presente Resolución no Boletín Oficial da Provincia

**SEGUNDO.**- Publicar este acordo no Boletín Oficial da Provincia así como na Sede Electrónica Municipal.

**TERCEIRO.**- Dar conta ao concello pleno na próxima sesión que se celebre.

A Pastoriza, 31 de marzo de 2020.- O ALCALDE, PRIMITIVO IGLESIAS SIERRA.

R. 0697